



## **BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES AO II CONCURSO FOTOGRÁFICO “COIDEMOS A TERRA”**

A Delegación de Medio Ambiente do Concello de Burela presenta o II Concurso de Fotografía “Coidemos a Terra”, adscrito ás seguintes bases:

### **CAPÍTULO 1.- DOS PARTICIPANTES.**

#### **PRIMEIRA.**

No concurso poderán participar todas as persoas que o desexen, residentes en Burela, e que conten no caso de ser preciso con representante maior de idade. Aquelas persoas que sexan menor de idade no momento da inscrición deberán contar coa autorización do seu pai/nai ou titor legal, debendo indicar os datos na ficha de inscrición.

#### **SEGUNDA.**

Dentro do concurso establécense tres categorías:

INFANTIL, na que poderán participar todos os menores de ata 12 anos (inclusive).

XUVENIL, na que poderán participar todas as persoas de máis de 12 anos ata os 17 anos (inclusive).

ADULTO, na que poderán participar todas as persoas que cumprisen 18 anos antes da convocatoria deste concurso.

### **CAPÍTULO 2.- REQUISITOS DAS OBRAS**

#### **TERCEIRA.**

As fotografías presentadas poderán estar realizadas con calquera tipo de cámara fotográfica.

#### **CUARTA.**

As fotografías deberán ser orixinais e inéditas.

#### **QUINTA.**

As fotografías terán que ser de árbores do noso pobo, xa que a temática é “As árbores de Burela”, e deberá indicarse o lugar onde foron tomadas.

#### **SEXTA.**

Cada fotografía presentada a concurso deberá ter título.

#### **SÉTIMA.**

Cada persoa poderá enviar ao concurso un máximo de dúas fotografías, xa sexa nun usb, cd ou impresas en tamaño 15x21.



### **CAPÍTULO 3.- INSCRICIÓN.**

#### **OITAVA.**

O prazo de inscrición (e envío das fotografías) comezará o 21 de abril ás 00:00 horas e rematará o 19 de maio de 2017 ás 24:00 horas.

#### **NOVENA.**

A inscrición realizarase preferentemente a través do rexistro electrónico do concello de Burela, sito na Sede Electrónica do Concello de Burela co seguinte enlace url: <https://burela.sedelectronica.es>.

Alternativamente, mediante o Rexistro Xeral do Concello sito na rúa Eijo Garay n.º 20 de Burela.

A presentación de inscrición, realizarase mediante un documento que inclúa os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, data de nacemento, teléfono e correo electrónico da persoa responsable da obra, título da fotografía, lugar onde se tomou a fotografía, categoría na que participa, certificado de existencia de conta bancaria IBAN á que se transferirá o importe no suposto de seren premiados e fotografía/s que envía a concurso (impresas, en usb ou cd)

No caso de ser menor de idade deberá engadir unha autorización do pai/nai ou titor do menor.

#### **DÉCIMA.**

Os participantes no Concurso quedan informados e autorizan que os datos persoais facilitados ao inscribirse no concurso, sen cuxa facilitación non se poderá participar no mesmo, incorporaranse a un ficheiro automatizado, titularidade do Concello de Burela e serán tratados coa finalidade de desenvolver a súa participación no concurso.

Ante o incumprimento das bases, o Concello de Burela queda facultado para rexeitar as obras dos participantes por non cumprir cos requisitos de participación.

### **CAPÍTULO 4.- PREMIOS**

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.**

O xurado estará composto por:

- Presidente: Pedro Rolle Chaves, O Freixo dos Lobos.
- Vogais: D. Julio López García, D. Marco Antonio Abad Díaz, D. Francisco Javier Sánchez Lorenzo e D<sup>a</sup> Andrea González Río; todos eles fotógrafos de Burela.
- Secretaria: D<sup>a</sup> Noelia M<sup>a</sup> Ben Vázquez, Concelleira de Medio Ambiente do Concello de Burela.

O xurado outorgará os seguintes premios:

- Infantil: 100 €



- Xuvenil: 150 €
- Adulto: 200 €

Ademáis entregaráselle aos premiados a súa fotografía en lienzo (doazón de Foto Sergio).

Estes premios estarán suxeitos á retención do IRPF que establece a lexislación vixente.

## **DÉCIMO SEGUNDA.**

Os premios poden quedar desertos se o xurado así o decide. O fallo do xurado será sometido á resolución da Alcaldía do Concello de Burela.

## **CAPÍTULO 5.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO**

### **DÉCIMO TERCEIRA.**

Todas as fotografías recibidas que se axusten ás bases desta convocatoria e cumpran uns requisitos mínimos de calidade e condicións técnicas, pasarán á fase de concurso. O xurado do concurso evaluará as fotografías participantes e emitirá o seu fallo, adxudicando os premios establecidos.

### **DÉCIMO CUARTA.**

Unha vez resolto o concurso, por decreto de alcaldía, faranse efectivos os premios á conta bancaria facilitada no momento da inscrición.

### **DÉCIMO QUINTA.**

O fallo do xurado será o 23 de maio, e publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Burela, e comunicaráselle aos premiados por teléfono. A escenificación da entrega dos premios realizarase o 9 de xuño ás 20:00 h no Salón de Plenos do Concello.

## **CAPÍTULO 6.- CUESTIÓNS XERAIS**

### **DÉCIMO SEXTA.**

A Organización do concurso resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras cuxo contido sexa obsceno, violento, sexista, racista, homofóbico ou vulnere dereitos fundamentais das persoas.

### **DÉCIMO SÉTIMA.**

Os/as participantes no concurso ceden ao Concello de Burela os dereitos de explotación das fotografías presentadas, incluíndo os dereitos de uso, difusión,



exhibición, comunicación pública, divulgación, mostra ou exhibición. Dita cesión realízase de forma gratuíta e non exclusiva, a nivel mundial.

A organización, así mesmo, resérvase o dereito de utilizar as fotografías seleccionadas e recibidas con fins promocionais e/ou de difusión, os cales se exercitarán sempre co recoñecemento da súa condición de autor, excepto manifestación en contra.

#### **DÉCIMO OITAVA.**

Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co desenvolvemento do II Concurso Fotográfico “Coidemos a Terra” e non contemplada de forma expresa nestas bases será resolta dacordo co criterio da organización. Así mesmo, a organización non se fai responsable da mala ou nula recepción dos mesmos.

#### **DÉCIMO NOVENA.**

A participación neste Concurso supón a aceptación plena das súas bases.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE